
HISTORIA

DA

MÚSICA II

HISTORIA DA MÚSICA II

GRAO PROFESIONAL

I. OBXECTIVOS

A. OBXECTIVOS XERAIS DO GRAO PROFESIONAL DE MÚSICA

O grao profesional das ensinanzas de música ten como obxectivos contribuír a desenvolver nos alumnos e as alumnas as seguintes capacidades:

Habituarase a escoitar música para formar a súa cultura musical e establecer un concepto estético que lles permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.

Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e de enriquecemento persoal.

Analizar e valorar criticamente a calidade da música en relación cos seus valores intrínsecos.

Coñecer os valores da música e optar polos aspectos emanados dela que sexan máis idóneos para o desenvolvemento persoal.

Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.

Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.

Participar en actividades de animación musical e cultural que lles permitan vivir a experiencia de trasladar o goce da música a outros.

Valorar o dominio do corpo e da mente para utilizar con seguridade a técnica e para concentrarse na audición e interpretación.

Aplicar os coñecementos harmónicos, formais e históricos para conseguir unha interpretación artística de calidade.

Ter a disposición necesaria para saber integrarse nun grupo como un membro máis do mesmo ou para actuar como responsable do conxunto.

Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

Coñecer e interpretar obras escritas en linguaxes musicais contemporáneas como toma de contacto coa música do noso tempo.

Formarse unha imaxe axustada de si mesmos, das súas características e posibilidades, e desenvolver hábitos de estudo valorando o rendemento en relación co tempo empregado.

B. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ENSINANZA DA HISTORIA DA MÚSICA NO GRAO PROFESIONAL.

A ensinanza da Historia da Música no grao profesional terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Coñecer e comprender a música desde a prehistoria ata o período barroco en relación cos conceptos estéticos imperantes, para poder aplicar ditos coñecementos á interpretación do repertorio de estudio.
- b) Coller o hábito de escoitar música para formar a súa cultura musical e establecer un concepto estético que lles permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- c) Valorar a importancia da música no desenvolvemento da natureza humana e relacionar o feito musical cos fenómenos socio-culturais nos que se desenvolve.
- d) Coñecer en cada época as relacións entre creación musical e o resto das artes.
- e) Captar a través da audición as distintas correntes estéticas para situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.
- f) Afondar na lectura de documentos, tratados e todo tipo de fontes escritas que lle faciliten o acceso á comprensión da música, completándoa coa información e as claves creativas e culturais proporcionadas polos propios compositores.

- g) Analizar e valorar criticamente a calidade da música en relación cos seus valores intrínsecos.
- h) Adquirir unha formación máis ampla e unha visión máis globalizadora do feito musical.
- i) Coñecer e interpretar obras escritas en linguaxes musicais contemporáneos, como toma de contacto coa música do noso tempo.

Intentarase mentalizar ao alumnado do novo carácter do grao que inicia, das posibilidades profesionais dos estudos que realiza e das implicacións que iso supón desde o punto de vista da autoesixencia, tempo de dedicación, adecuación dos resultados, etc.

Tanto os obxectivos xerais como nos específicos orientaranse cara ao desenvolvemento da expresión, percepción e aprendizaxe nun contexto colectivo por medio de experiencias e actividades a nivel individual e de grupo.

II. CONTIDOS

Os contidos do grao profesional da especialidade de Historia da Música II desenvólvense en bloques de contido elaborados conforme aos obxectivos. A continuación expóñense os contidos en temas xerais agrupados en conceptuais, procedimentais e actitudinais.

Contidos conceptuais e temporalización

PRIMEIRO TRIMESTRE

TEMA 1 A época clásica

1. A Ilustración
2. A ópera
3. A canción e a música relixiosa
4. A música instrumental: a sonata, a sinfonía e o concerto
5. Franz Joseph Haydn
6. Wolfgang Amadeus Mozart
7. Ludwig van Beethoven

SEGUNDO TRIMESTRE

TEMA 2 A época romántica

1. O primeiro Romanticismo. Alemaña
2. O Romanticismo fóra de Alemaña e Austria
3. Italia
4. A música instrumental, de cámara e vocal no século XIX
5. A ópera e o drama musical no século XIX

TEMA 3 O cambio de século. Os nacionalismos

1. O nacionalismo ruso
2. O nacionalismo na Europa do Este
3. Viena
4. O Norte de Europa
5. Francia
6. Italia

TERCEIRO TRIMESTRE

TEMA 4 Os tempos modernos. O século XX

1. A segunda escola vienesa
2. A alternativa radical
3. Os cruces centroeuropeos
4. Norteamérica: los “Ultramodernos”
5. A principal corrente americana
6. Latinoamérica
7. Gran Bretaña e a Unión Soviética
8. A música a partir de 1945

TEMA 5 Algúns apuntes sobre a música no século XXI

Contidos procedimentais

1. Indagación e busca de partituras pertencentes ao repertorio do programa da materia.
2. Consulta das fontes de información histórica e o seu emprego.

3. Situación da obra musical, no seu contexto social, económico, ideolóxico e artístico.
4. Audición e análise musical do repertorio máis significativo ata o século XX.
5. Comentario de texto sobre as fontes teóricas máis representativas do pensamento musical ata o século XX.
6. Planificación e realización de traballos prácticos de aproximación histórica e análise.

Contidos actitudinais

1. Interese por coñecer os distintos xéneros musicais e a súas funcións expresivas.
2. Apreciación e goce da audición de obras e espectáculos musicais e intercambio de opinións que os mesmos susciten.
3. Desenvolvemento da sensibilidade e o xuízo crítico por medio de actividades prácticas.
4. Valoración da música española como expresión do patrimonio musical propio.
5. Respetto e tolerancia polo traballo dos compañeiros.

III. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Identificar a través da audición, obras de épocas estudadas no curso e describir os seus trazos máis característicos. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal.

2. Analizar obras de épocas estudadas no curso e describir os seus trazos esenciais.

Mediante este criterio avalíanse os coñecementos do alumnado no relativo á distinción dos distintos estilos e as súas características.

3. Realizar comentarios de texto relativos á música, tanto desde o punto de vista histórico como estético. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar e describir as formulacións plasmadas polo autor e relacionados coas correntes estilísticas dunha época concreta.

4. Por medio da audición e/a análise, situar cronoloxicamente os principais estilos ou escolas estudadas no curso, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas. Mediante este criterio de avaliación preténdese comprobar si o alumnado identifica e sitúa cronoloxicamente os diferentes períodos da Historia da Música, así como si distingue as súas principais características.

5. Interrelacionar a Historia da Música coa doutros aspectos da cultura e o pensamento. Mediante este criterio preténdese avaliar a evolución do pensamento crítico do alumnado no referente á súa capacidade de valoración das distintas etapas da Historia da Música, no global, ou de determinados autores ou obras no particular, dentro do contexto social e cultural no que xurdiron.

6. Identificar as circunstancias de todo tipo (políticas, culturais, económicas, ideolóxicas) que poden incidir no desenvolvemento evolutivo das distintas épocas, estilos e autores máis representativos da Historia da Música. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para analizar a complexidade de circunstancias e intereses (políticos, culturais, económicos, ideolóxicos) que, pola súa importancia determinan o posterior desenvolvemento dunha época, un estilo ou un autor determinado.
7. Realizar traballos sobre algún aspecto determinado da música abordada no curso. Este criterio valorará en que medida o alumnado é capaz de realizar en termos aceptables traballos, individual ou en equipo, que lle motive a interesarse en descubrir e coñecer algo máis da materia, sendo o importante neste caso a autenticidade e o rigor do estudio realizado e non a relevancia do tema.
8. Realizar exames trimestrais sobre os contidos traballados en cada avaliación. O tipo de exame será definido ao longo do trimestre, tendo en conta os contidos de cada bloque temático. Esta proba valorará en qué medida o alumnado acadou os obxectivos propostos.

IV. CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

En cada avaliación realizarase varios traballos ou exames obrigatorios acordes cos contidos da materia. As pautas para facer os traballos ou exames daraos a principio do curso o profesorado que imparta a materia, polo que o alumnado poderá ir recadando información ao longo do curso para a súa elaboración no caso dos traballos.

Calificarase cada un dos apartados dos criterios de avaliación do 1 ao 10, e calcularase a media do resultado.

V. EXAME DE ACCESO

Para o acceso realizarase un exame acorde cos contidos da materia. Os criterios de calificación deste exame serán os mesmos que os empregados para as avaliacións.

VI. AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula .

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos e contidos sinalados para o curso que estea realizando. Ademáis deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

O profesorado afectado elaborará un informe de ampliación no que aparecerá a nota do alumnado en cada unha das asignaturas que compoñen o curso. Para a concesión da ampliación será preciso obter unha cualificación positiva en todas as materias.

O informe da ampliación presentaráo o xefe do departamento á Dirección do Centro, que dará traslado do mesmo ao Consello Escolar. Dita proposta terá que realizarse antes do período vacacional do Nadal.

VII. BIBLIOGRAFÍA

- **Historia de la música occidental, 2.**
- Grout, Donald Jay Palisca, Claude V
- ,
- Ed. Alianza música
-
- **El estilo clásico** Haydn, Mozart, Beethoven.
- Rosen, Charles
- .
- Ed. Alianza música
-
- **La música en la época romántica.**
- Einstein, Alfred.
-
- Ed. Alianza música
-
- **Historia de la música española. 4. Siglo XVIII.**
- Martín Moreno, Antonio.
-
- Ed. Alianza música
-
- **Historia de la música española. 5. Siglo XIX.**
- Gómez Amat, Carlos
- .
- Ed. Alianza música
-
-
-

- **Historia de la música española. 6. Siglo XX.**
- Marco, Tomás
- Ed. Alianza música
-
- **Historia de la música española. 7. El folklore musical.**
- Criville i Bargallo, Josep
- Ed. Alianza música
-
- **Música electrónica y música con ordenador**
- Historia, estética, métodos, sistemas.
- Supper, Martin
- Ed. Alianza música
-
- **Enfoques analíticos de la música del siglo XX.**
- Joel Lester
- Ed. Akal
-
- **Diccionario técnico Akal de términos musicales.**
- Pedro González Casado
- Ed. Akal
-
- **Diccionario Akal/Grove de la Música.**
- Stanley Sadie (ed.)
- Ed. Akal

- **Guía Akal de la música.**
- Stanley Sadie
- Ed. Akal
-
-
- **La música en España en el siglo XVIII.**
- Malcolm Boyd (ed.), Juan José Carreras (ed.)
- Ed. Akal
-
-
- **La música clásica. La era de Haydn, Mozart y Beethoven.**
- Phillip G. Downs
- Ed. Akal
-
-
- **La música romántica. Una historia del estilo musical en la Europa decimonónica.**
- Leon Plantinga
- Ed. Akal
-
-
- **La música del siglo XX. Una historia del estilo musical en la Europa y la América modernas.**
- Robert P. Morgan
- Ed. Akal
-
-
- **La música contemporánea a partir de 1945.**
- Ulrich Dibelius
- Ed. Akal

-
- **Historia de la música negra norteamericana**
- Eileen Southern
- Ed. Akal
-
- **Historia General de la Música (4 tomos)**
- A. Robertson, D. Stevens
- Ed. Istmo